

Membros Xunta Directiva

Presidenta: M^a Luísa Yáñez Villaverde. Ausente
Vicepresidente: Marcos Vázquez Gómez. Ausente
Tesoureiro: Juan Carlos Otero Quintián. Ausente
Secretaria: M^a Jesús Santamariña Núñez
Vocal: Francisco García Pérez
Vocal: Andrés Dopico Pena. Ausente
Vocal: Marta Castro López
Vocal: Fernando Suárez Menéndez
Vocal: Ana Tomé Morandeira. Ausente

Extracto da sesión celebrada pola asemblea ordinaria da ANPA do CEIP Francisco Vales Villamarín o día 30 de setembro de 2011

Iníciase a asemblea en segunda convocatoria ás 20h. Asisten como membros da xunta directiva Fernando Suárez Menéndez, Francisco García Pérez e M^a Jesús Santamariña Núñez, ademais de Carmen Calatayud Romero e María Cortés Cabezas por parte da extinguida ADC Vales Villamarín. Incorporárase máis tarde Marta Castro López. Á asemblea asisten 91 socios/as, incluídos os membros da xunta directiva. Os puntos a tratar son os seguintes:

- 1. Aprobación da acta anterior.** A acta foi remitida aos socios/-as con anterioridade á reunión. Apróbase por unanimidade, sen comentarios.
- 2. Estado de contas ANPA+ADC.** O saldo da ANPA a finais do curso 2010-2011 ascende a 4.253,15€ e o da ADC a 15.491,97€, suma que pasará á conta da ANPA por doazón dos socios.
- 3. Xestión Comedor e madrugadores.** Infórmase do número de alumnos que están usando o comedor (100) e o servizo de madrugadores (38), sen contar os esporádicos.

A xestión do Comedor continuará como ata agora, a través da Federación de ANPAS de A Coruña, cun contrato de dous anos coa mesma empresa, "Eurest- Escolarest", cuxos prezos para o próximo curso escolar son os que se detallan a continuación, revisándose para o curso 2012-2013 en función do IPC e do convenio de hostalería.

Fixo comedor 5 días/semana:85,00€
Fixo comedor 4 días/semana:69,03€
Fixo comedor 3 días/semana:51,96€
Fixo comedor 2 días/semana:34,81€
Fixo comedor 1 días/semana:17,51€
Esporádico 6,25€

Como a FEDAPA non xestiona o programa de Madrugadores, a ANPA continuará ofertando este servizo, en espera da resposta do Concello á petición da Anpa para que se fixera cargo do mesmo.

Recórdase que todos os alumnos/as que queiran usar os servizos de comedor / madrugadores deberán ter aboada, con anterioridade ao uso destes servizos, unha matrícula de 20€/curso/familia á ANPA. Esta matrícula será gratuíta para os socios/-as.

Así mesmo, dáse traslado da carta informativa da Consellería de Educación de 9 de xaneiro de 2009, enviada a CONFAPA Galicia, en contestación a varias preguntas relativas ao Comedor, na que se establece que os beneficiarios das axudas e subvencións outorgadas pola

Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, no marco do programa de apoio ás ANPAS e as súas federacións, son precisamente estas entidades e en ningún caso os pais do alumnado que fan uso dos comedores escolares xestionados por estas. Podendo a ANPA xestora do servizo establecer a compensación ás nais ou pais do alumnado de parte da cantidade previamente aboada pola utilización do comedor, podendo darse o caso de que os pais non procedan a retirar tal importe do lugar que se sinala ao efecto. Estes casos, poderían ser solventados mediante transferencias bancarias ou en calquera caso mediante a regulación interna de cada ANPA estableza. Tales normas sempre poderían establecer un prazo, superado o cal decaerá o dereito a percibir o importe concedido.

A nova xunta directa xurdida desta asemblea determinará como se vai facer o reparto das futuras axudas recibidas, tendo en conta o estado de contas da ANPA e as necesidades propias do comedor.

Con respecto aos cheques comedor correspondentes ao ano 2010, recórdase que os presentes que non procedesen á retirada do cheque correspondente a este período, poderá facelo ao remate da asemblea. Que a data límite de cobro destas axudas é o 31 de decembro de 2011. Que os usuarios que por un ou outro motivo non puideran retirar o cheque, deberán poñerse en contacto coa ANPA vía correo electrónico, caixa de correo ou dirixíndose persoalmente a algún membro da xunta directiva para que lle xestione o cobro antes desta data. E finalmente, solicítase maior compromiso dos pais/nais usuarios do comedor na xestión do mesmo.

4. **Axendas escolares.** Infórmase que continuará entregándose no 2º e 3º ciclo. Pídese de novo a colaboración dos pais e nais na súa revisión e utilización para favorecer a súa implantación, e de que o Concello continuará subvencionando a metade do importe.
5. **Información sobre o curso 11-12.** Amósase a táboa de distribución do alumnado por etapas, ciclos e niveis, na que pode apreciarse que no presente curso a metade das unidades dos distintos ciclos están en torno aos 25 alumnos/-as, máximo que marca a lei vixente. O nº total ascende a 964, polo que houbo que habilitar as aulas específicas que quedaban. Como non queda ningún outro espazo, o vindeiro curso haberá que instalar a parte do alumnado en aulas móbiles.
6. **Situación da demanda do novo colexio de infantil (3-6 anos).** Infórmase da folla de ruta acordada na reunión da ANPA co Alcalde do 9 de setembro de 2011:
 - Licitación do proxecto prevista para a 2ª quincena de outubro
 - Proxecto de 18 unidades, coa previsión de licitar 15, ampliables nun futuro ás 18 previstas no proxecto
 - Financiación en dous exercicios, 2012 e 2013
 - Previsión de inicio das obras en torno maio-xuño 2012
 - Previsión de que o colexio estea funcionando no curso 2013-2014

Neste apartado infórmase tamén da intención da xunta directiva de presentar alegacións á instalación dunha gasoleira nas inmediacións do colexio.

7. **Actividades Extraescolares.** Neste apartado infórmase do calendario e instalacións para as actividades extraescolares do presente curso, así como da forma de pago e das normas básicas dirixidas á mellora das mesmas.

Ademais das actividades fixas, infórmase das puntuais, que para as nais e pais serían as seguintes:

- Xornada de coñecemento da situación Colexio a cargo do equipo directivo
- Xornada Primeiros Auxilios: "Que non facer en caso de accidente"
- Xornada: "quen educa aos nosos fillos?": (programadas xa no curso pasado. Non se levaron a cabo)
 - ✦ *As necesidades da infancia e a xuventude fronte as institucións nas que se desenvolven: familia, escola e sociedade (Fernando Márquez)*
 - ✦ *O fomento dos hábitos culturais na infancia e na xuventude como tarefa de todos (Héctor Pose)*
- Xornada dirixidas aos pais: como tratar nenos con problemas de altas capacidades, dislexia, déficit de atención, ..

E para os rapaces e rapazas:

- *Certame de debuxo FERTIBERIA*
- *Clown galego: PETER PUNK, para o Nadal.*

8. Como facerse socio. Recórdase que o prazo establecido é do 1 de xuño ao 15 de novembro de 2011, que a folla de inscrición de socios está dispoñible na Secretaría do colexio e no blog da ANPA e que a cota é de 10€ por familia e ano, así como das vantaxes económicas que supón o carnet de socio: matrícula gratuita no servizo de comedor e madrugadores, descontos nas actividades organizadas pola ANPA e en 17 establecementos ACEBE.

9. Reorganización da xunta directiva. Infórmase que para o presente curso causan baixa forzosa a presidenta, vicepresidente, tesoureiro e un vocal e baixa voluntaria outro dos vocais; sumándose á mesma dúas integrantes da ADC, quedando a xunta directiva reducida a seis persoas, polo que se solicita colaboración ás pais/nais presentes.

Ao final da asemblea incorpóranse á nova xunta directiva as seguintes persoas: José A. Rodal Fraga, Francisco M. Arnosó González, M^a José Roca Pardiñas, Amaya García Sánchez, José M. Nogueira Naveira, Maheka Carella Salazar, ademais de Carmen Calatayud Romero e María Cortés Cabezas.

10. Suxestións, queixas e preguntas. As preguntas realizadas son as seguintes

- Reduciríase o prezo se o Concello se fai cargo do servizo de madrugadores? En principio non, só levarían a xestión.
- Como se solicitan as axudas para comedor? A FEDAPA solicítas en base aos datos de Eurest.
- Como poden recoller os cheques comedor aquelas familias que por motivos laborais non o fixeron na data sinalada? Poñéndose en contacto coa xunta directiva e/ou delegando noutra persoa.
- Por que non se fai unha ponderación das axudas en base a renda da unidade familiar? A ANPA non posúe información fiscal, pero o Concello oferta becas para comedor escolar cuxa adxudicación ten en conta o IRPF.
- Quen se encarga de repartir as axendas escolares? As titoras e titores, só para o 2º e 3º ciclo.

ANPA BRIGANTIUM

Asociación de Nais e Pais do
CEIP Fco. Vales Villamarín
anpabrigantium@gmail.com

- Computan os repetidores na ratio? Segundo a lei vixente non. A Orde do 17 de marzo de 2007 pola que se regula o procedemento de admisión do alumnado de centros docentes sostidos con fondos públicos fai referencia no seu Artigo 16º ao número de alumnos por unidade escolar. *“El número de alumnos y alumnas por unidad escolar que se utilizarán para la estimación de vacantes en cada uno de los niveles son los que se señalan a continuación:*
 - a) *Segundo ciclo de educación infantil y educación primaria: 25 alumnos por unidad. No obstante, los titulares de las delegaciones provinciales de la Consellería de Educación y Ordenación Universitaria podrán aplicar un número de 20 alumnos por grupo, siempre que se garantice la atención a la demanda en el centro y no se supere el número de alumnos que puedan ser escolarizados en la educación primaria en ese centro”.*
- Que criterios se utilizaron para a reorganización do alumnado de relixión e DAE? Non se pode considerar anticonstitucional por discriminación por razón de confesión relixiosa? A razón aducida polo equipo directivo do colexio foi o mellor aproveitamento dos recursos humanos e materiais do centro. A xunta directiva da ANPA non considera este feito discriminatorio, xa que non se está a separar ao alumnado por crenza relixiosa, senón en base á materia que escollen, “Relixión” ou “Alternativa” con independencia das súas crenzas e baixo un criterio de optimización do horario lectivo do profesorado que entendemos repercute favorablemente na formación do alumnado.
- Pode decidir a CCP as actividades a programar en DAE? Si, xa que non ten asignación curricular, polo que son os centros os que deciden as actividades a desenvolver, sempre e cando estean fora do currículo de calquera outra materia.
- Cando é a charla do equipo directivo cos pais/nais? En outubro, sen data fixa marcada.
- Existe un departamento xurídico que poida asesorar a ANPA nas súas alegacións a construción da gasoleira nas inmediacións do colexio? Si, o da FEDAPA, ademais do ofrecido polo Concello.
- Están admitidas todas as rapazas e rapaces inscritos nas actividades extraescolares? Si, excepto naquelas actividades que están saturadas que se denegaron as solicitudes entregadas fora de prazo.
- Pódese utilizar o carné de socio do curso pasado? Si, é válido hasta o 31 de decembro.
- Atende a coidadora as aulas de E. Infantil ubicadas no edificio de E. Primaria? Si, ten un móbil ao que chaman as mestras cando é preciso.
- Que opcións contempla a xunta directiva para reclamar a construción do novo colexio? Facer un seguimento dos prazos acordados, a través dos medios de comunicación. De todas formas, será a nova xunta directiva a que decida as novas accións a emprender.
- Os novos colexios que se están a construír na Comunidade, sufriron tanta demora como o de Betanzos? A xunta directiva carece de dita información, pero a demora neste caso estivo condicionada pola paralización da cesión dos terreos por parte do goberno local baixo a alcaldía do PP.

ANPA BRIGANTIUM

Asociación de Nais e Pais do
CEIP Fco. Vales Villamarín
anpabrigantium@gmail.com

- Vaise repetir a charla sobre o uso responsable de Internet? Foi organizada polo colexio, polo que se trasladará a pregunta ao equipo directivo.
- Cando se realizará o simulacro de evacuación? Está pensado para finais de outubro. Despois de varias intervencións acerca do plan de autoprotección, aclárase que o plan de evacuación está elaborado polo equipo directivo en colaboración con protección civil.

As suxestións foron tres:

- Que as actas das asembleas e os e boletíns mensuais sexan bilingües. Recórdase que foi o equipo de dinamización lingüística do centro o que solicitou a ANPA a utilización do galego nas súas comunicacións, pero será a nova xunta directiva a que decida a lingua/-s a utilizar despois de consultar co equipo de dinamización.
- Que as axudas de comedor non recollidas polas nais/pais se utilicen para atender as necesidades do comedor (mobiliario, microondas...). Aclárase que a xunta directiva non tiña coñecemento hasta ese momento de que o comedor precisase mobiliario, pero porase en contacto coas responsables de comedor.
- Reforzar a limpeza dos aseos, dándolle preferencia sobre outras infraestruturas. Recórdase que a masificación tamén repercute na limpeza, ademais os baños da planta baixa son utilizados polos usuarios do comedor. Trasladarase a queixa ao equipo directivo do colexio.

Sen máis asuntos que tratar péchase a sesión ás 21.50h

Pendente de aprobación